

Edición xeral

GALAXIA PRESENTA "CLÁSICOS UNIVERSAIS"

Shakespeare, Dovstoievski e Kafka, en galego

A tradución ao galego de catro obras de William Shakespeare realizada polo profesor Miguel Pérez Romero abre a nova colección da editorial [Galaxia](#) "Clásicos Universais". *Romeo e Xulieta*, *Rei Lear*, *Noite de Reis* e *A tempestade* recóllense nos dous volumes que inauguran esta biblioteca clásica en galego. Pero xa están nas librerías cinco máis: *Crime e Castigo*, de Fiódor Dovstoievski; *As Ondas*, de Virxinia Woolf; *Un médico de aldea*, *Narracións completas, I*, de Franz Kafka; *Antoloxía do Doce Estilo Novo*, realizada por Darío Xohán Cabana e a recuperación da *Poesía inglesa e francesa* elaborada e traducida por Plácido Castro, Lois Tobío e Florencio Delgado Gurriarán, publicada inicialmente en Bos Aires en 1949. O acto de presentación da colección terá lugar na Fundación Caixa Galicia de Santiago o xoves, día 24, ás 8 da tarde.

- 10:06 23/02/2005